



APROXIMACIÓN Á RELIXIÓN DESDE O MARXISMO EN TRES LANCES E UN EPILOGO

**Filosofía, ciencia e relixión. Xuño 2011
Master de filosofía: cuestións actuais. USC**

Xoán Hermida González

APROXIMACIÓN Á RELIXIÓN DESDE O MARXISMO EN TRES LANCES E UN EPILOGO

Filosofía, ciencia e relixión. Xuño 2011
Master de filosofía: cuestións actuais. USC

Xoán Hermida González

Da miña morte non culpedes a ninguén, e por favor,
nada de comentarios. Ao defunto lle molestaban enormemente.
Madre, irmáns, camaradas, perdoádeme, non é este o método
(non llo aconsello a ninguén), pero non teño máis saída.

Como se di:
O incidente está zanzado,
A barca do amor
Estrelouse contra a vida cotiá.

Estou en paz coa vida. Inútil recordar
dolores
desgrazas
e ofensas mutuas”

Vladimir Maiakovski

Sede felices, (Moscova, 12 de abril de 1930)¹

0. O PATIO DE BUTACAS: A RELIXIÓN NO MARXISMO

En tres lances e un epílogo, como nunha obra de teatro das que puidera escribir un dramaturgo como Bertolt Brecht, imos a facer unha aproximación (por forza superficial) á relación do marxismo coa relixión.

O primeiro lance persegue facer un achegamento ao pensamento de Marx no seu debate central ou periférico, depende dos autores, vai ter coa relixión.

Neste lance imos a mirar o pensamento marxiano na súa complexidade e integridade, no Marx filósofo ilustrado alemán que bebe das fontes de Hegel na súa corrente de esquerdas, e tamén no Marx científico que bebe nas fontes dos economistas liberais ingleses na súa análise económica do sistema capitalista

O segundo lance ímolo adicar ao marxismo de tradición científica da man da obra de Galileo de Bertolt Brecht que aborda as contradicións do científico co mundo que lle toca vivir.

¹ Esta especie de epitafio escrito por Maikovski antes do seu suicidio reflexa como toda unha xeración de marxistas que converteron unha teoría ilustrada e científica nunca nova ‘relixión’ revolucionaria na que se construíría un novo home despois dun proceso de cambio e arrepentimento. Sexa por Lilia Brik ou pola revolución, o desamor foi o motivo último da morte de Maiakovski.

O terceiro lance centrárase no marxismo de tradición filosófica, na evolución do pensamento do filósofo Roger Garaudy que na busca do humanismo fai un esforzo por conxugar marxismo e cristianismo primeiro e marxismo e Islam posteriormente.

Ao final a xeito de epílogo como nas obras teatrais a conclusión nos levarán ao marxismo descaricaturizado dun pensador poliédrico e complexo. Conxugando esas dúas correntes – filosófica alemá e económica inglesa - teremos ao ‘verdadeiro’ Marx que bebe dos socialistas utópicos franceses: o Marx revolucionario.

1. LANCE PRIMEIRO: O PENSAMENTO DE MARX

O pensamento de Marx é un pensamento poliédrico e complexo, aínda que non por elo incoherente -. Non se pode diseccionar o Marx filósofo e o Marx científico, pois estas facetas están no seu pensamento ligadas como non podía ser doutro xeito a súa proposta política e ética.

Metodoloxía e Epistemoloxía

A metade do século XIX, *Karl Marx* xunto con *Friedrich Engels*, esboza en dúas obras escritas en 1845 - ‘Teses sobre Feuerbach’ e ‘Ideoloxía Alemaña’ - unha nova concepción da dialéctica de base materialista que posteriormente se denominaría ‘materialismo dialéctico’.²

Máis aló do que isto supuxo en termos sociais e políticos (por medio da súa prolongación como materialismo histórico en terminoloxía acuñada polo marxista ruso Plejanov) estamos diante dun modelo de pensamento de carácter materialista, isto é onde a materia configura á idea, unha filosofía de carácter naturalista, que basea o seu anclaxe na razón e que – ao igual que as ciencias naturais – plánte a unha metodoloxía empírica para avanzar nas súas conclusións.

Pero a diferenza do materialismo anterior, este materialismo ‘novo’ o fai incorporando a dialéctica como ferramenta de comprensión da realidade. En realidade Marx e Engels, pertencentes á esquerda hegeliana, o que fan é ‘poñer do revés’ a dialéctica proposta por Hegel utilizándoa ao servizo dunha filosofía materialista en lugar de idealista.

Pero a filosofía marxista non xurde ao marxe da evolución do pensamento filosófico. Herda as mellores conquistas da filosofía precedente, as estúdea con un criterio crítico a base da práctica ‘revolucionaria’ (‘os filósofos non fixeron máis que transformar o mundo do que se trata é de transformalo’) e tendo como referencia clave os novísimos descubrimentos científicos que durante o século XIX elevan o pensamento científico a un novo e decisivo novo estadio.

O pensamento materialista e dialéctico de Marx e Engels serían impensables se non se producira durante a metade do século XIX tres descubrimentos claves para o avance do materialismo: o Sistema Celular en química (estrutura celular das plantas polo botánico alemán Matthias Schleiden e a concordancia de estruturas en animais e plantas polo fisiólogo alemán Theodor Schwann en 1839) e o ADN (illado por primeira vez polo médico suízo Friedrich Miescher en 1869); a Termodinámica na física (a transformación da enerxía – 1ª lei da termodinámica exposta por Carnot en 1824 - , a 2ª lei da termodinámica exposta por Clausius e por Kelvin en 1850 e) e o

² É importante destacar que en ningunha das obras de Marx ou Engels aparece o termo Materialismo Dialéctico, acuñado por primeira vez polo pensador ruso Georgi Plejanov na súa obra ‘A concepción monista da historia’

Evolucionismo na bioloxía (teoría da selección natural en 1838 e publicación de 'A orixe das especies' en 1859, polo naturalista británico Charles Darwin).

Agora ben a terminoloxía acuñada (materialismo dialéctico / materialismo histórico) ten moito que ver cun momento histórico onde no debate filosófico e político tiña moita importancia a dicotomía ciencia versus relixión e isto explica a súa rápida propagación.

Pero esta definición ao facer fincapé no materialismo como pilar central xenera un dos grandes problemas que o pensamento marxiano ten tido na súa posterior evolución (converténdose pola maioría dos seus seguidores nun corpus ríxido e curiosamente pouco 'dialéctico') e primando os aspectos metodolóxicos (materialismo) fronte aos aspectos máis epistemolóxicos (empirismo, dialéctica).

Unha denominación máis próxima ao pensamento poliédrico e científico de Marx e Engels debería estar máis próximo ao de 'empirismo dialéctico'³ o una definición inventada por Gramsci: 'filosofía da praxe'.⁴

Feuerbach e a esquerda hegeliana

Non poderíamos entender a base filosófica de Marx sen Feuerbach.

Hegeliano de formación faría unha crítica seguindo dous eixes que foron a base do seu pensamento: a concepción antropolóxica de toda relixión e a crítica materialista de todo pensamento especulativo.

Feuerbach converteuse no mestre do pensamento dos mozos hegelianos de 'esquerdas'. A influencia sobre o Marx ten máis importancia na primeira etapa en obras como as Teses sobre Feuerbach (1845) e A ideoloxía Alemá (1846).

Feuerbach publica 'A esencia do cristianismo' en 1841 onde sitúa nun plano mitolóxico e antropolóxico os relatos bíblicos.

A filosofía de Feuerbach iníciase en discusión aberta coa teoloxía e é central para a separación 'definitiva' entre filosofía e relixión.

No centro e como eixo do seu pensamento instala ao ser humano e por tanto á antropoloxía, é herdeiro da tradición humanista. Así, os anhelos e as pretensións e ideas relixiosas son unha característica específica do ser humano polo que a relixión quedaría inscrita na antropoloxía, a cal debe explicala.

As súas concepcións fundamentais en termos de crítica á relixión, sustentase nunha visión materialista antropolóxica na que Deus e un 'constructor' dos homes en canto a sensacións e ideas máis sublimes.

Nese senso para o pensamento de Feuerbach "O meu primeiro pensamento foi Deus, o segundo foi a razón e o terceiro e último, o home."

Para Feuerbach o home realizou o mesmo camiño: primeiro creou a Deus e máis tarde entendeu que o seu coñecemento non era máis nada que un banzo no propio coñecemento do home.

³ Termo acuñado polo autor deste traballo

⁴ 'Introducción a la filosofía de la praxis'. Antonio Gramsci. Ediciones Península. Barcelona, 1970

Feuerbach, ao considerar a Deus unha creación humana, nega a súa existencia, así como a de calquera outro deus, polo que nega o teísmo. Tamén negaba o idealismo, que pretende suplantar o home real -corporal e sensible- polo 'espírito' e a 'razón'. Non é Deus o que creou ao home a súa semellanza senón pola contra é o home que constrúe a Deus a semellanza del.

Para Feuerbach, por tanto, non é Divos quen creou ao home á súa imaxe, senón o home quen creou a Deus, proxectando nel a súa imaxe idealizada. O home atribúe a Deus as súas calidades e reflicte nel os seus desexos realizados. Así, enaxenándose, dá orixe á súa divindade. Pero, por que o fai? A orixe deste alleamento atópase no home mesmo. Aquilo que o home necesita e desexa, pero que non pode lograr inmediatamente, é o que proxecta en Deus. A palabra Deus ten peso, seriedade e sentido inmanente en boca da necesidade, a miseria e a privación. Os deuses non foron inventados polos gobernantes ou os sacerdotes, que se valen deles, senón polos homes que sofren. Deus é o eco do noso berro de dor.

Da súa crítica á relixión despréndese este concepto chave: a alienación. Parte dun investimento de termos: suxeito por predicado. Divos non crea ao home, o home crea a Deus proxectándose e proxectando os seus mellores atributos nel. É, entón, simplemente un produto do home. Pero este produto vólvese alleo ao seu produtor e domíno. As propiedades do home se enaxenan en Deus, o obxecto aparece con vida propia e domina ao suxeito. Para Feuerbach, este alleamento estaba na conciencia humana, e un simple acto da mesma podía resolvela.

Karl Marx retoma este concepto de alienación pero para recreala máis aló do sentido relixioso, utilizándoa na vertebración humanista ampla dos seus manuscritos de 1844.

Posteriormente este concepto de alienación levoa máis alo, opresor-oprimido no que esta vertebrada a sociedade de clases, o alleamento humano non se atopa soamente no plano da conciencia, senón no plano real. Agora o home se enaxena no traballo, e para resolver este alleamento necesítanse a modificación das estruturas de clase vertebradoras da sociedade.

Nas 'Teses sobre Feuerbach', Marx critica a exclusiva visión teórica de Feuerbach.

Primeiro porque o materialismo de Feurbach, igual que os anteriores, está en clara desvantaxe co idealismo, porque so concibe o obxecto, esquecendo o papel subxectivo, a actividade sensorial humana como practica.

"por iso, na 'esencia do cristianismo' [de Feuerbach] so considera a actitude teórica como a autenticamente humana, mentres que concibe e fixa a práctica só na súa forma suciamente xudaica de manifestarse"⁵

Marx critica o concepto de enaxenación de Feuerbach en tanto en canto esta aparece desligada da orixe do alleamento que se produce na realidade terreal do individuo.

"Feuerbach arranca da autoenaxenación relixiosa, do desdoblamento do mundo nun mundo relixioso, imaxinario, e outro real. O seu cometido consiste en disolver o mundo relixioso, reducindo a súa base terreal. Non advirte que, despois de realizada esta laboura, quédalle por facer a principal"⁶

E por iso non é capaz de entender a propia orixe do alleamento.

⁵ Tese 1ª da 'Tesis sobre Feuerbach'. Páxina 7. Obras Escogidas. Tomo I. Editorial Progreso. Moscu 1981

⁶ Tese 4ª da 'Tesis sobre Feuerbach'. Páxina 8. Obras Escogidas. Tomo I. Editorial Progreso. Moscu 1981

“Feuerbach dilue a esencia relixiosa na esencia humana. Pero a esencia humana non é algo abstracto inherente a cada individuo. É, en realidade, o conxunto de relacións sociais”⁷

Marx fai recaer no individuo a conciencia humana cando esta ten un compoñente social que inevitablemente leva a exporse a que responde e como funciona.

Para Marx non bastaría a disolución da relixión, senón que:

“É na práctica onde o home ten que demostrar a verdade, é dicir, a realidade e o poderío, a terrenalidade do seu pensamento. O litixio sobre a realidade ou irrealidade dun pensamento que se illa da práctica, é un problema puramente escolástico.”⁸

Corpus único versus diversas etapas

A obra de Marx e Engels ten a pesar da súa complexidade un denominador común que a sitúa como unha ciencia social (empirismo) ao servizo dun proceso de transformación (crítico). Este ‘**empirismo dialéctico**’⁹ ten como non podía ser doutro xeito aspectos aparentemente contraditorios que mesmo están na orixe das diversas interpretacións do seus correligionarios, pero é indudable que a obra de Marx e Engels teñen unha coherencia global absoluta.

Algúns autores integraran a obra de Marx e Engels nun sistema filosófico, o marxismo, articulado ao redor dun método filosófico chamado materialismo dialéctico. Os principios da análise marxista da realidade tamén foron sistematizados no chamado materialismo histórico e a economía marxista.

Outros autores, entre os que destaca Louis Althusser, argumentan que os escritos de Marx non forman un todo coherente, senón que o propio autor, ao desenvolver as súas reflexións críticas sobre a economía política durante a década de 1850, desembarazouse da súa propia conciencia filosófica anterior e comezou a traballar cientificamente. Desde esta perspectiva non existiría unha ciencia marxista, senón un científico, Karl Marx, que foi un pioneiro na comprensión dos mecanismos fundamentais que rexen o funcionamento da sociedade moderna, en especial coa súa reelaboración da teoría do valor, e cuxa obra cume foi ‘Das Kapital’.

Con todo, e mesmo negando esta "ruptura epistemolóxica" como o fai Erich Fromm, ao soste que a idea de alleamento é a fundamental durante todo o pensamento de Marx, reivindicando o seu humanismo como fío condutor da súa obra ao redor dun concepto do home e o seu alleamento no capitalismo, a división de Althusser sérvenos para entender mellora evolución do pensamento de Marx.

Louis Althusser, considera que os escritos de Marx divídense en dúas vertentes. Esta interpretación é relevante na hermenéutica marxista, pero á vez é moi polémica e poucos autores mantéñena ao día de hoxe. Althusser atopa dúas etapas:

1 - Marx novo (até 1845) período en que estuda a alienación (ou alleamento) e a ideoloxía, desde unha perspectiva próxima ao humanismo influída en gran parte pola filosofía de Ludwig Feuerbach.

⁷ Tese 6ª da ‘Tesis sobre Feuerbach’. Páxina 9. Obras Escogidas. Tomo I. Editorial Progreso. Moscu 1981

⁸ Tese 2ª da ‘Tesis sobre Feuerbach’. Páxina 7. Obras Escogidas. Tomo I. Editorial Progreso. Moscu 1981

⁹ Termo acuñado polo autor deste traballo

Pensa que o home se realiza modificando a natureza para satisfacer as súas necesidades nun proceso dialéctico en que a transformación de axente e paciente é transformación mutua. A autoxeneración do home é un proceso real, histórico - dialéctico, entendéndose a dialéctica como proceso e movemento a través da superación sintética das contradicións.

Cando Marx fala de 'realidade' fai referencia ao contexto histórico social e ao mundo do home. Asegura que o home é as súas relacións sociais.

Para Marx, o que o home é non pode determinarse a partir do espírito nin da idea senón a partir do home mesmo, do que este é concretamente, o home real, corpóreo, en pé sobre a terra firme. O home non é un ser abstracto, fóra do mundo senón que o home é no mundo, isto é o Estado e a sociedade.

A liberdade, a capacidade de actuar elixindo, está limitada ás determinacións históricas, pero é, ao mesmo tempo, o motor daquelas cando as relacións sociais e técnicas entran en crises.

Deus, a Filosofía e o Estado constitúen alienacións no pensamento, alienacións dependentes da alienación económica, considerada para Marx único alleamento real.

En liñas xerais, Marx defende a idea de que a aliñación empobrece ao home sociohistórico negándolle a posibilidade de modificar aspectos dos ámbitos nos que se ve involucrado, provocándolle unha conciencia falsa da súa realidade. Con todo, este é un feito que pode suprimirse.

2 - Marx maduro (1845-1875): 1845, o ano da ideoloxía alemá e as Teses sobre Feuerbach, marca a ruptura epistemolóxica (concepto tomado de Gaston Bachelard). A partir da cal Marx rompe coa súa etapa anterior, ideolóxica e filosófica, e inaugura un período científico no cal desenvolve estudos económicos e históricos usando o método do materialismo histórico.

Este é, eminentemente, o período da súa magna obra: 'Das Kapital'. Non hai que esquecer, doutra banda, os textos dos que esta obra xorde: 'A Contribución á crítica da economía política' (que dará material para o primeiro capítulo do capital) ou 'Os Grundrisse', cuxo tardío descubrimento deu moito que falar sobre as continuidades de Marx coa súa primeira etapa, e proporcionou de argumentos aos críticos da ruptura epistemolóxica. Durante a súa etapa de madurez, a obra de Marx vólvese máis sistemática e xorden os seus conceptos económicos máis destacados: a teoría do valor, a explotación como apropiación de plusvalía, ou a teoría explicativa sobre as crises capitalistas.

2. LANCE SEGUNDO: BRECHT FRENTE A GALILEO

Bertolt Brecht¹⁰ coa súa teoría del "Teatro épico" revolucionou a dramaturgia do século XX, tanto como Copérnico e Galileo revolucionaran o mundo da ciencia.

¹⁰ **Bertolt Brecht** (Augsburgo, 1898 – Berlín, 1956). Dramaturgo e Poeta. En oposición ao teatro tradicional, onde o espectador identifícase co protagonista, Brecht creou o teatro épico, que convida o actor a presentar o seu personaxe sen confundirse con el (efecto de distanciamento) mentres que ao espectador corresponde dedicar á obra a mirada crítica e obxectiva que a fai aplicar á realidade. A estrea de ópera dous centavos (1928), foi o seu primeiro éxito na tumultuosa Berlín daqueles anos. A súa vasta produción dramática continuou con Nai Coraxe (1941), A señor Puntilla e o seu criado Matti (1948), O círculo de xiz caucasiano (1948) e Galileo Galilei (1955), entre outras. En 1949 ao constituírse a República Democrática Alemá foi unha dos cen personalidades da arte e a cultura que apoiou a súa

A revolución soviética e o influxo que impregnou nunha xeración de intelectuais é enorme. Tratase de correntes de vangarda na primeira metade do século XX que ligaban a construción dun mundo mellor á evolución da ciencia e da tecnoloxía.

Neles esta presente o Marx da segunda etapa: o Marx científico e economista, o que analiza as contradicións que a acumulación do capital xenera entre as forzas produtivas e as relacións de produción. Existe unha convicción de que se achán nos limiares dunha nova época e luz e ciencia, onde o atraso da humanidade quedara superado e as antigas moralidades aparcadas. A vella fe é considerada superstición, o que aínda onte aparecía lóxico e natural é sometido agora a novo exame.

A intelectualidade progresista idealiza a súa nova relixión: o comunismo e o seus novos profetas: Marx, Engels e Lenin; e o seu novo pobo elixido: a clase obreira. Todo principio, todo iniciador, convértese en obxecto de amor e a actitude do innovador ten efectos apaixonantes. Ámase o feliz sentimento de quen pon en marcha unha nova máquina para que mostre a súa forza; o de quen enchen de liñas precisas o espazo branco nun vello mapa e o de quen inician a edificación dunha nova fabrica, dunha nova liña férrea. Este é o sentimento do home de ciencia que fai un descubrimento capaz de transformalo todo, e o do orador que prepara un discurso capaz de crear unha nova situación.

Brech reflexa mellor que ninguén esa intelectualidade progresista fascinada polos ideas marxistas e pola revolución de outubro, pero ademais representa o espírito do Marx científico.

“Se queremos entender a Brecht, non hai que esquecer que a lectura e estudio, en profundidade, dos textos de Marx axudáronlle a conseguir unha transformación xeral do seu sentido do teatro. O marxismo foi para el o método científico co que puido analizar ás persoas e, sobre todo, as situacións históricas que, como dramaturgo, lle interesaba expor e poñer en escena. Segundo el, ‘a total transformación do teatro non debe seguir unha vena artística senón que debe intentar corresponder a unha total transformación espiritual do noso tempo’. A idea dun novo teatro esixe a necesidade dun diferente orde da sociedade”¹¹

Galileo aborda de xeito contundente o debate entre ciencia e relixión e as contradicións que o mesmo xeneran no Galileo científico.

Así o propio Brech no prefacio á versión norteamericana escribe:

“Cando nos primeiros tempos do meu exilio en Dinamarca escribín a obra teatral Vida de Galileo axudáronme na reconstrución do mundo tolomeico algúns asistentes de Niels Bohr que estaban a traballar en torno ao problema da desintegración do átomo. Unha das miñas intencións era reproducir espida e crúa a imaxe dunha nova época; unha empresa fatigosa, en canto todos ao noso redor estaban convencidos de que á nosa época todo faltáballe como para poder ser considerada nova. E nada cambiara neste aspecto cando, algúns anos máis tarde, decidín emprender con Charles Latighton unha versión norteamericana da obra.

creación. Alí radicouse e fundou a compañía Berliner Ensemble, na que puido experimentar todas as súas concepcións sobre a dramaturxia e que dirixiu até a súa morte.

¹¹ Páxinas 24-25; Ricard Salvat; ‘Bertolt Brecht: No 90 aniversario do seu nacemento’; edicións do castro. Sada, 1988

A "era atómica" tivo despois a súa exordio en Hiroshima, cando o noso traballo promediaba. Dun día para outro a biografía do fundador da nova física asumía outro significado. O efecto infernal da gran bomba botaba unha nova e máis intensa luz sobre o conflito de Galileo coas autoridades da súa época. A nós bastábanos realizar só uns poucos cambios, e ningún deles na estrutura."

Entre Copérnico e Giordano Bruno

Na Vida de Galileo non se trata de ensinar a defender a propia opinión mentres un cre nela, cousa que daría dereito ao título de carácter forte. Copérnico, que puxo en movemento ao todo, non defendeu a súa opinión, facéndoa publicalo despois da súa morte e, con todo, con xustiza, ninguén llo reprocha. Deixara a súa verdade a quen quixese tomala. Deixáraa e foise sen gloria, pero tamén sen ser perseguido. A súa obra científica, que permitía unha definición máis fácil, máis rápida e elegante das órbitas celestes, estaba alí, para que a humanidade servísese dela.

Galileo actúa do mesmo xeito que Copernico. Vinte anos antes Giordano Bruno enfrontouse e non abxurou como fixo posteriormente Galileo, pero queda a dubida se o seu martirio retrasou ou non o avance científico. En todo caso Galileo é un home de ciencia é como tal actúa.

Pero ligado ao avance científico estaba o avance económico; unha nova clase, a burguesa, entrara á lisa con novos medios industriais. Xa non se trataba só de facer descubrimentos científicos, senón de loitar pola súa explotación en gran escala. A actividade da nova clase era ampla, porque para realizar os seus negocios debía chegar ao poder e destruír a ideoloxía que aínda llo impedía.

A Igrexa, que defendía os privilexios dos grandes terratenientes e dos príncipes, como privilexios desexados por Deus e, por tanto, xustos, non reinaba por medio da astronomía, pero estaba ben presente nas posibilidades que a nova ciencia lle daba a clase emergente da que non formaba parte o staff da igrexa católica.

A oración "A cadea non é máis forte que o seu anel máis débil" vale para as cadeas que atan (como a ideoloxía da Igrexa) e, ao mesmo tempo, para as cadeas de transmisión (as novas ideas sobre a propiedade, o dereito, a ciencia, etc.). Galileo volveuse nocivo cando levou a súa ciencia ao centro da loita, renunciando logo ao combate.

No Galileo de Brecht non temos un heroe, como é de esperar, senón un conflito fundamental entre verdade e dogma, entre a retractación e a vida:

ANDREA (en voz alta).— ¡Desgraciada es la tierra que no tiene héroes! (Galilei ha entrado totalmente cambiado por el proceso, casi irreconocible. Espera algunos minutos en la puerta por un saludo. Ya que esto no ocurre porque sus discípulos lo rehuyen, se dirige hacia adelante, lento e inseguro a causa de su poca vista. Allí encuentra un banco donde se sienta.) No lo quiero ver. Que se vaya.

GALILEI. — No. Desgraciada es la tierra que necesita héroes.

Pero ao longo da obra, percíbese que está en xogo algo bastante máis persoal: non poucas veces sinalouse que Galileo é un case reflexo do propio Brecht. Á fin e ao cabo, a obra xorde das súas mans como unha das primeiras na situación límite do exilio. Un científico, comprometido coa razón e a verdade demostrada, enfrontado á irracionalidade da dogma imperante que non é capaz de admitir as consecuencias de

algo como o telescopio. Un intelectual que debe apostar pola súa vida ou pola, naquel entón, herética evidencia matemática, e que debe exiliarse, renunciar ante a autoridade, para perseverar na súa vida e a súa ciencia.

Agora ben, para Brecht, o verdadeiro descubrimento inicial, tan problemático, de Galileo, non é a afirmación das teses de Copérnico, senón a negación do sistema aristotélico-tolemaico que queimou a Giordano Bruno: non hai estrelas fixas nin bóveda de cristal que as suxeite, nin tampouco se ve a Deus por alá arriba:

El Papa, los cardenales, los príncipes, los eruditos, capitanes, comerciantes, pescaderas y escolares creyeron estar sentados inmóviles en esa esfera de cristal. Pero ahora nosotros salimos de eso, Andrea. El tiempo viejo ha pasado y estamos en una nueva época. Es como si la humanidad esperara algo desde hace un siglo. Las ciudades son estrechas y así son las cabezas. Supersticiones y peste. Pero desde hoy no todo lo que es verdad debe seguir valiendo. Todo se mueve, mi amigo.

E un pouco máis adiante, no terceiro cadro:

Estamos a diez de enero de mil seiscientos diez. La humanidad asienta en su diario: hoy ha sido abolido el cielo.

Ou, por citar un último fragmento, metidos de cheo no enfrontamento entre Galileo co seu telescopio e un Filósofo, un Matemático, un Teólogo e o Poder Nobiliario co seu Aristóteles:

Ustedes sostienen que, según Aristóteles, existen arriba esferas de cristal, de modo que determinados movimientos no podrían ocurrir porque si no los astros perforarían las esferas. ¿Pero de qué manera, si ustedes pueden constatar esa clase de movimientos? Tal vez entonces lleguen a la conclusión de que tales esferas no existen.(...)

No son los movimientos de algunas lejanas estrellas los que hacen agudizar los oídos a toda Italia, sino la noticia que doctrinas tenidas como incommovibles comienzan a perder firmeza. Y cada uno sabe que hay demasiadas en esa situación. Señores míos, no nos pongamos a defender doctrinas en decadencia.

Non é o aplaudir o novo descubrimento, ou a tozudez doutrinaria, senón a consecuencia de 'abolir os ceos aristotélicos, Tolemaicos, Bíblicos'. A defensa astronómica da Igrexa deriva en tinguiduras morais e humanos: se a terra non é o centro, se é un vulgar astro máis dando voltas como os demais, significa que o home non é tampouco o centro do Universo nin da creación, que Divos non é xusto con el, que o home non atopará sentido aos seus sacrificios e fatigas. Dito doutro xeito, Galileo enfróntase ao Xeocentrismo, que lle acusa de arrebatarlle ao home a súa posición digna e rexia de toda a creación. Isto dá pé a Brecht para inducir en Galileo certas pasaxes máis políticas e ideolóxicos que científicos, unha especie de 'humanismo científico' que percorrerá o resto da obra:

¡Bondad espiritual! Tal vez usted quiera decir que ahí no queda nada, que el vino se lo han vendido todo, que sus labios están resecos, ¡que se pongan entonces a besar sotanas! ¿Y por qué no hay nada? ¿Porque el orden en este país es sólo el orden de un arca vacía? ¿Porque la llamada necesidad significa trabajar hasta reventar? ¡Y todo esto entre viñedos rebosantes, al borde de los trigales! Sus campesinos de la Campagna son los que pagan las guerras que

libra en España y Alemania el representante del dulce Jesús. ¿Por qué sitúa él la Tierra en el centro del Universo? Para que la silla de Pedro pueda ser el centro de la Humanidad. Eso es todo. ¡Usted tiene razón cuando me dice que no se trata de planetas sino de los campesinos de la Campagna!”

O tema dos campesiños e a servidume, está presente no pensamento do personaxe de Galileo. Fronte ao azoutar ao traballador extenuado, Galileo chega a asegurar o poder ‘alborotar’ aos campesiños ‘inducíndolles a pensar’. E o tema aparece en diversas ocasións, mesturándose coa continuación da ‘Revolución copernicana’. É dicir, a idea de Revolución científica, relixiosa, social e traballadora, a chamada ‘loita de clases’, a represión, van cobrando forma sen explicitarse de modo concreto. Cabe deducila da suxestión de Brecht e de pasaxes tan elocuentes como o seguinte:

GALILEI. — Sí, yo podría alborotar a sus campesinos al inducirlos a pensar. Y a su servidumbre, y a los capataces.

FEDERZONI. — ¿Cómo? Si ninguno de ellos lee el latín.

GALILEI. — Podría escribir en florentino para muchos, y no en latín para pocos.

Necesitamos gente que trabaje con las manos para los nuevos pensamientos.

¿Quién si no desea saber las causas de todas las cosas? Los que sólo ven el pan sobre la mesa, esos no quieren saber cómo fue amasado. La chusma agradece antes a Dios que al panadero. Pero los que hacen el pan comprenderán que nada se mueve sin alguna causa que origine ese movimiento”

A ciencia adquire fronte a relixión unha capacidade emancipadora que necesita en palabras do propio Galileo, ciencia, saber e humanidade han de irmandarse fronte a ese outro poder:

Mi opinión es que el único fin de la ciencia debe ser aliviar las fatigas de la existencia humana. Si los hombres de ciencia, atemorizados por los déspotas, se conforman solamente con acumular saber por el saber mismo, se corre el peligro de que la ciencia sea mutilada y que vuestras máquinas sólo signifiquen nuevas calamidades. Así vayáis descubriendo con el tiempo todo lo que hay que descubrir, vuestro progreso sólo será un alejamiento progresivo de la humanidad. El abismo entre vosotros y ella puede llegar a ser tan grande que vuestras exclamaciones de júbilo por un invento cualquiera recibirán como eco un aterrador griterío universal.

Para o Galileo de Brecht, o mesmo que retractado, escribe e oculta os Discorsi como un perseguido -a Brecht queimáronlle toda a súa obra na Alemaña nazi-, resultará máis difícil predicir os movementos dos príncipes que os movementos dos astros.

Convértese así para o autor nun símbolo, non só da revolución científica do momento, senón, sobre todo, da social contra a opresión, contra a distorsión da realidade. O abismo que sinala Brecht nas palabras de Galileo non é senón o abismo dialéctico que separaba, para Marx, cada vez máis violentamente, ás clases enfrontadas. A ciencia e a intelectualidade, para o dramaturgo, non deben colaborar en formar a ‘falsa conciencia’ ideolóxica, nin asentarse sobre a ignorancia; non poden vivir para si mesmas, senón para o pobo:

Yo, como hombre de ciencia tuve una oportunidad excepcional: en mi época la astronomía llegó a los mercados. Bajo esas circunstancias únicas, la firmeza de un hombre hubiera provocado grandes conmociones. Si yo hubiese resistido, los estudiosos de las ciencias naturales habrían podido desarrollar algo así como el

juramento de Hipócrates de los médicos, la solemne promesa de utilizar su ciencia sólo en beneficio de la humanidad

Convertendo a ciencia no centro da loita, a diferenza do que ocorren nas relixións orientais, porque do que se trata é dunha confrontación polo poder co que o 'staff' cristiá esta moi comprometido, con claros intereses económicos xa que o clero actúa de señores feudais.

3. LANCE TERCEIRO: ROGER GARAUDY E O MATERIALISMO RELIXIOSO

“Chego ao Islam coa Biblia debaixo dun brazo e Das Kapital de Marx baixo o outro e estou decidido a non renunciar a ningún dos dous”. Está afirmación foi feita por Roger Garaudy¹² no ano 1986 nunha entrevista concedida no marco da recepción do premio Faysal (algo así como os Nobel do mundo árabe).

Garaudy por suposto que non era nin é musulmán, como tampouco é nin foi cristiá no sentido teolóxico, pero estaba disposto a “falar con amor incluso das visións do mundo que non se comparten ...”¹³

Garaudy é fundamentalmente un humanista. Fronte ao Marx científico, analista social e de estruturas, o dirixente comunista francés Rogert Garaudy encarna a tradición humanista do Marx da primeira etapa.

Pero non é posible entender o pensamento de Garaudy sen ter en conta dous elementos centrais.

O primeiro é o seu interese por Hegel. Garaudy é un dos pensadores que mellor coñecen a obra de Hegel e a dialéctica é unha das pesas clave a priorizar no seu pensamento marxista.

O segundo é o contexto que lle toca vivir como dirixente comunista: o XX congreso do PCUS e a revisión do período stalinista, as reflexións do PCI arredor do agiornamento, nunha sociedade como a italiana, cunha presenza política determinante da democracia cristiá e o Concilio Vaticano II e a aposta social da igrexa católica durante o período de Xoán XXIII.

En 1961 o Papa Xoán XXIII promulga a carta encíclica 'Mater et magistra' (latín: 'Nai e Mestra'). Trata sobre o recente desenvolvemento da cuestión social á luz da Doutrina Cristiá e foi dirixida "a todos os traballadores do mundo".

Xoán XXIII, advirte que a cuestión social ten unha dimensión mundial e que así como pódese falar de persoas pobres, tamén se ha de falar de sectores pobres e nacións pobres. O desenvolvemento da historia mostra como as esixencias da xustiza e a

¹² **Roger Garaudy o Ragaa** (Marsella, 1913) , filósofo e político. Dirixente comunista, deputado e un dos seus líderes teóricos. Membro do Politburó del PCF desde 1956 ata 1970 , Garaudy fundou e dirixiu o prestixioso Centre d'Etudes et de Recherches Marxistes (Centro de Estudos e Investigacións Marxistas). Como filósofo é considerado una autoridade en Hegel.

Tras unha primeira etapa stalinista, nos anos 60 creceu o seu desencanto cara ao comunismo soviético, condenando a invasión soviética de Checoslovaquia. O apoio aos levantamentos estudantis de maio de 1968 levaríalle ao enfrontamento coa dirección do PCF acabarían levando á expulsión en 1970.

Convertese ao catolicismo e posteriormente achegase e convertese ao Islam, fundando en 1987 a fundación Roger Garaudy con sede en Córdoba para a interculturalidade e o dialogo das civilizacións e relixións.

¹³ Roger Garaudy. 'Mi vuelta al siglo en solitario'- Plaza & Janes Editores. Barcelona, 1991

equidade incumben tanto ás relacións entre traballadores dependentes e empresarios ou dirixentes, como ás relacións entre os diferentes sectores económicos, e entre as zonas economicamente máis desenvolvidas e as zonas economicamente menos desenvolvidas dentro de una mesma nación; e, no plano mundial, ás relacións entre países en diverso grao de desenvolvemento económico-social. Un problema de fondo é como proceder para reducir o desequilibrio entre o sector agrícola, e o sector da industria e os servizos; e para que mellore a calidade de vida da poboación agrícola-rural.

Sostén que a xustiza e a equidade esixen que os poderes públicos actúen para que as desigualdades entre zonas economicamente máis desenvolvidas e menos desenvolvidas sexan eliminadas ou diminuídas e nas zonas menos desenvolvidas asegúrense os servizos públicos esenciais.

Salienta no dereito dos traballadores de sindicarse e na necesidade de que os salarios estean de acordo coa dignidade humana do traballador e da súa familia, coa achega efectiva do traballador a posibilidade económica da empresa e a situación económica xeral.

Xoán XXIII sostén que unha economía xusta non só depende da abundancia e distribución de bens e servizos senón que inclúe o papel da persoa humana como suxeito e obxecto do benestar. Propón superar a excesiva desigualdade entre os distintos sectores da sociedade e resistir os procesos económicos e políticos que pon en perigo a dignidade humana e a liberdade.

Esta encíclica recolle o pensamento social de Xoán XXIII e vai a marcar os traballos do Concilio Vaticano II que se inicia no ano 1962.

Deste impulso social vai nacer da man de bispos latinoamericanos coma Helder Camara a 'teoloxía da liberación' na que hai unha base marxista de tradición gramsciana en canto ao papel da educación e da cultura na hexemonía social.

Garaudy entaboa nesa época unha colaboración moi estreita con Hedel Camara.

Pero Xoán XXIII morre ao ano seguinte de iniciar os traballos o Concilio Vaticano II e sen o seu papado toda doutrina social vai perdendo forza. Un ano despois (1964) , o renovador Nikita Krushev é apartado da secretaria xeral do PCUS polos sectores ortodoxos.

E nese período onde o debate no seo do marxismo 'comunista ortodoxo' se fai intenso e xorden as primeiras diferenzas entre os partidos comunistas occidentais coa doutrina que ven da URSS.

Nese debate o tema relixioso tamén entra en xogo.

Nese mesmo ano Garaudy escribe un artigo sobre a necesidade do 'agornamento' entre marxismo e cristianismo:

"O marxismo se empobrecería si San Agostiño, Santa Teresa de Xesús ou Pascal lles fora totalmente alleo"¹⁴

¹⁴ Páxina 176; Roger Garaudy. 'Mi vuelta al siglo en solitario'- Plaza & Janes Editores. Barcelona, 1991

Desde a URSS a resposta ven vía o responsable ideolóxico do PCUS, Ilychev, que sostén que non é posible construír o comunismo namentres exista a relixión

Garaudy lonxe de evitar polémicas inicia un camiño de distanciamento que vaise ensanchando a partir de ese momento. Garaudy afirma que:

“A tese de Ilychev, desde o punto de vista teórico, esta en contradición radical co marxismo. O problema central , tanto para Marx como para nos, é combater todas as formas de explotación, xa sexan económicas, sociais ou políticas (...)

Un ateo pode pensar que a relixión é unha alienación como as demais e polo tanto desaparecera con elas”

Pola contra:

“Un crente pode pensar que existe en efecto formas alienadas da relixión pero que a desaparición de estas alienacións non destruírá a súa fe: máis ben a purificará das formas alienadas da relixión – silencio, resignación e incluso complicidade coa inxustiza ou a opresión- , ‘constantinismo’ da convivencia co poder, conformismo, ritualismo, dogmatismo,...

Consecuencia practica: os cristiáns e os comunistas poden loitar xuntos contra esas alienacións”¹⁵

A conversión de Garaudy nos anos oitenta ao Islam non persigue outra idea que a dun humanismo [intercultural] presente na obra filosófica do Marx previo a 1948.

O grande proxecto de Garaudy vai ser o Museo Vivo de al-Ándalus da Torre de Calahorra (Córdoba). A iniciativa busca na experiencia de convivencia ‘cooperadora’ das culturas cristiá, xudía e musulmá na Córdoba entre os séculos IX e XIII, un exemplo para o presente.

A cidade de Córdoba é nese período a cidade máis grande existente con máis de un millón de habitantes e onde a convivencia das relixións ten como substrato un nivel cultural elevado, unha tolerancia absoluta e un modelo de desenvolvemento económico e técnico-científico altísimo, onde por exemplo as técnicas de regadío son desde un punto de vista sustentable totalmente actuais.

Os obxectivos esenciais da Fundación son:

- Lembrar o papel capital de Córdoba durante o século IX ao século XIII, na fecundación recíproca das culturas de Oriente (particularmente de China, India, Persia e Exipto) e de Occidente (greco-romana e xudeo-cristiá) e da simbiose, no al-Ándalus, das tres relixións abrahámicas: xudía, cristiá e musulmá.
- Situar neste contexto que as achegas de Córdoba (polos seus filósofos, os seus místicos, os seus sabios e os seus artistas) á Civilización Universal constitúen unha do tres fontes da cultura occidental: greco-romana, xudeo-cristiá e árabo-islámica. Son fins desta fundación o desenvolvemento e xestión de Estudos para o Renacemento do Espírito da Universidade de Córdoba no seu apoxeo (século IX ao XIII), lembrando a excepcional dimensión cultural da cidade de Córdoba, baixo principios e fundamentos do Ecumenismo, Universalidade e Diálogo.

¹⁵ Páxina 177; Roger Garaudy. ‘Mi vuelta al siglo en solitario’- Plaza & Janes Editores. Barcelona, 1991

Este é o legado do humanismo marxista de Garaudy.

4. EPILOGO: AS TRES PARTES INTEGRANTES DO MARXISMO E A RELIXIÓN

A obra de Marx é unha obra moi ampla e complexa que ten dúas etapas diferenciadas, anterior e posterior a 1848, ano da publicación do 'Manifesto Comunista' tal como xa se expuxo noutro momento deste traballo. Agora ben, igualmente tratase dunha obra coherente en tódolos seus aspectos e por tanto necesaria de ser analizada no seu conxunto.

Isto é moi importante, xa que se ben é certo que as referencias ao debate relixioso está presente de xeito moi escaso o cal pode levar a pensar que se trata de un tema periférico e non central no pensamento de Marx, a realidade é que toda a súa obra ten como fío condutor un empirismo de corte materialista, e tamén unha posición dialéctica practica –revolucionaria– que sitúan á relixión como un elemento importante a combater por parte do corpus doutrinal marxiano.

Vai ser Lenin na súa obra 'As tres fontes e as tres partes integrantes do marxismo' o que sitúe con claridade as raíces filosóficas do pensamento de Marx:

*'O marxismo é o herdeiro lexítimo do mellor que a humanidade creou no século XIX: a filosofía alemá, a economía política inglesa e o socialismo francés.'*¹⁶

Tanto Marx como Engels reciben a influencia do filósofo alemán predominante en Alemaña naquel tempo, Hegel. Deste autor toman o método do pensamento dialéctico, ao que, segundo as súas propias palabras de Marx, poría sobre os seus pés; significando o paso do idealismo dialéctico do espírito como totalidade a unha "dialéctica do devir constante" onde a síntese, a diferenza de Hegel, non fora realizada. Ademais, o método dialéctico serviralles para analizar as contradicións na historia da humanidade e, especificamente, aquela entre o capital e o traballo.

Marx e Engels sitúanse no debate que se produce no seo do Hegelianismo na chamada 'esquerda hegeliana' na que terá grande influencia os ideais de humanismo ateísta o filósofo e antropólogo Ludwig Feuerbach. Fundamentalmente terá grande influencia na obra de Marx e Engels o concepto da alienación.

O concepto de alienación e o materialismo 'antropolóxico' de Feuerbach é central na obra de Marx, e aínda que é un elemento presente explicitamente durante as obras previas a 1848: 'manuscritos' (1844), Teses sobre Feuerbach (1845) e A ideoloxía Alemá (1846), a base materialista da filosofía marxista leva a que o combate contra o idealismo (e por tanto contra o idealismo relixioso) estea presente permanentemente.

Ademais a nova interpretación que da alienación fai Marx, en contraposición a Feuerbach, sitúa a relixión como un reflexo alienante das contradicións presentes no home, lugar onde hai que encadrar a famosa sentenza de Marx e Engels da 'relixión é o opio do pobo', hoxe de seguro que substituída por outras drogas adormideras máis presentes e dañinas.

Marx e Engels son testemuñas da primeira gran crise do capitalismo (década de 1830) e das revolucións de 1848, Marx propúxose desenvolver unha teoría económica capaz

¹⁶ V.I. Lenin; As tres fontes e as tres partes constitutivas do marxismo; Obras escolhidas. Tomo I. Editorial Avante, Lisboa 1977. Páxina 35

de chegar explicacións á crise, pero á vez de interpelar ao proletariado a participar nela activamente para producir un cambio revolucionario.

O coñecemento dos economistas liberais ingleses, nomeadamente David Ricardo que esboza o papel do traballo humano como factor de acumulación de valor nas mercadorías.

E na análise económica, hoxe seguramente non sería así, pero na metade do século XIX onde aínda se estaba a dar a batalla entre o vello e o novo réxime, a crítica á relixión é un factor central xa que o poder económico da igrexa era moi importante e a xerarquía católica formaba parte da crase terratenente feudal que se negaba a ceder o poder á burguesía en ascenso. Significativa foi a batalla que a igrexa mantén durante todo o século XIX contra o liberalismo político.

O coñecemento das ideas dos socialistas utópicos e das concepcións de 'loita de crases' vai ser tamén central no pensamento político de Marx e Engels.

Tratase dun conxunto heteroxéneo de doutrinas de reforma social con influencia a inicios do século XIX como resposta as desigualdades que ocasionaba o liberalismo e as condicións infrahumanas do industrialismo. Os representantes máis destacados de esta corrente son Robert Owen en Inglaterra, e Henri de Saint-Simon, Charles Fourier e Étienne Cabet en Francia. Tiñan como característica común as solucións ao marxe do sistema, carecendo dunha estratexia de modificación estrutural do mesmo.

E aquí tamén é central a crítica relixiosa de Marx e Engels, pois a necesidade de crear unha sociedade sen opresión de clases sitúa o concepto alienación no centro da batalla radical democrática do socialismo revolucionario.

.....

Conclusión central:

E verdade que as referencias á relixión na basta obra de Marx e Engels son menores e, tal como indicabamos noutro apartado deste traballo, a forza definitoria de materialismo ten moito que ver cun momento histórico onde no debate filosófico e político tiña moita importancia a dicotomía ciencia versus relixión.

Tamén e verdade que a estrutura económica e social do século XIX tiña unha presenza de clase no clero terratenente que hoxe non existe.

Isto nos leva a presentar a seguintes conclusións:

1. A proposta socio-histórica e económica do marxismo contemporáneo non debe ter na relixión un dos seus elementos centrais de confrontamento no sentido que é posible mesmo compatibilizar politicamente posturas relixiosas con posturas marxistas;
2. Pero non é menos verdade que o corpus filosófico do pensamento marxiano é materialista dialéctico e polo tanto confrontado 'medularmente' co papel que as filosofías idealistas, e en concreto as relixións, teñen desenvolvido para manter o 'status quo' ou para controlar e dominar aos sectores desfavorecidos da poboación, eliminando do seu imaxinario a posibilidade de cambio en vida e emprazándoos a un mundo mellor despois da morte;

3. A confrontación ciencia versus relixión non existe sempre, de feito nas culturas orientais este fenómeno non se ten dado, estando no caso occidental ligado por unha banda a toda a tradición de pensamento greco-romano e por outro á simbiose que a xerarquía eclesiástica tivo co poder despois da decadencia de Roma e a reestruturación política que se constrúe;
4. Non obstante a relixión cristiá, e o conxunto das relixións incluídas as orientais, si que teñen en común unha actitude retrograda no tema de usos e costumes moráis, que o pensamento marxista 'liberal' no político rexeita.

BIBLIOGRAFIA BASICA

Marx, K. / Engels F.; 'Obras Escogidas. Tomo I'; Editorial Progreso; Moscu, 1981

Lenin, V.I.; 'As tres fontes e as tres partes constitutivas do marxismo'; Obras escolhidas. Tomo I; Editorial Avante; Lisboa, 1977

Wackenheim, Charles; 'La quiebra de la religión según Karl Marx' (*La faillite de la religion d'après Kart Marx, Presses universitaires de France, 1966*); Ediciones peninsula; Barcelona, 1973

Brecht, Bertold; 'Galileo Galilei'; Ediciones Losange, Buenos Aires, 1956

Salvat, Ricard; 'Bertolt Brecht: No 90 aniversario do seu nacemento'; Edicións do castro; Sada, 1988

Garaudy, Roger; 'Mi vuelta al siglo en solitario' (*Mon tour du siecle en solitaire, Editions Robert Laffont, 1989*); Plaza & Janes Editores; Barcelona, 1991